

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

EXTRACTO da Resolución do 8 de maio de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras e se convoca o Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas.

BDNS (Identif.): 397681.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da Resolución do 8 de maio de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras e se fai pública a convocatoria do Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas, cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións.

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán optar aos premios os nenos e nenas galegos con idades comprendidas nestas dúas categorías: de 9 a 11 anos e de 12 a 14 anos. A idade estará referida á data de finalización do prazo de presentación de traballos.

Non poderán acceder a estes premios as persoas participantes cuxos representantes legais se atopen afectados por algunha das circunstancias previstas nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os fillos e fillas de quen sexa integrante do xurado non poderán presentar textos a esta convocatoria.

Segundo. *Obxecto*

Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas.

Por medio desta resolución establécense as bases reguladoras e convócase, baixo o réxime de concorrencia competitiva, o Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas, orientado aos nenos e nenas galegos con idades comprendi-



das nestas dúas categorías: de 9 a 11 anos e de 12 a 14 anos (código do procedemento PR775A).

Terceiro. *Bases reguladoras*

As bases que rexerán serán as contidas na Resolución do 8 de maio de 2018 pola que se convoca o Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas.

As bases publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto. *Contía*

Existirán en cada categoría tres premios en metálico, cada un deles coa seguinte dotación económica:

Categorías	De 9 a 11 anos	De 12 a 14 anos
1º premio	250 euros	250 euros
2º premio	200 euros	200 euros
3º premio	150 euros	150 euros

Quinta. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexta. *Outros datos*

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).



As persoas interesadas que opten pola presentación electrónica deberán formular a súa solicitude, mediante a presentación do anexo I, e presentarán a seguinte documentación en arquivos independentes:

a) O texto do conto. Este arquivo nomearase co título do conto e co pseudónimo do seu autor.

b) Unha copia do libro de familia onde consten o nome, os apelidos e a idade do/da menor que se presenta ao concurso.

No caso de que se opte pola presentación presencial, coa solicitude, que deberá formularse mediante a presentación do anexo I, deberá xuntarse a seguinte documentación:

a) Un sobre tamaño folio pechado, coa seguinte inscrición: Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas, acompañado do pseudónimo e do título do conto. Este sobre incluírá o texto do conto en folio formato A4.

b) Unha copia do libro de familia onde consten os datos de nome, apelidos e idade do/da menor que se presenta ao concurso.

Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumírase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirllle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Co obxecto de garantir o anonimato das persoas que redacten os contos, tanto na presentación presencial como na electrónica cumpríranse as seguintes exixencias:

– Na cabeceira do conto indicáranse exclusivamente o título do conto presentado e o pseudónimo.



– Neste texto non poderá figurar ningún dato que permita identificar a persoa participante e romper o anonimato.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2018

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública

CVE-DOG: swup4xc7-ith7-ywo2-7eb1-fiaa2a8yg5o2

